



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VINTECINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas do día vinte cinco de marzo de dous mil vinte e dous , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 174/2022 de data 22 de marzo de 2022.

### Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

### Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares ( PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo ( PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Dona María Luisa Goás Lorenzo ( PsdG-PSOE)

Dona Raquel Rouco Iglesias ( Partido Popular).

Dona Efigenia Maseda Paz ( VIA ALFOZ ).

Don Eliseo Lorenzo García ( VIA ALFOZ).

### Concelleiros ausentes:

Don Jacobo Geada Adrio ( Partido Popular ) , xustificada.

### Secretaria:

D<sup>a</sup> María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

### ORDE DO DÍA:

#### PARTE DISPOSITIVA

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES( 10/02/22 e 28/01/22) .





- 2.- APROBACION MODIFICACION ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACION DO CONCELLO DE ALFOZ.
- 3.- APROBACION ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ.
- 4.- APROBACION EXPEDIENTE LICITACION CONXUNTA SAF DEPENDENCIA CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO .
5. ORZAMENTO MUNICIPAL E PLANTILLA DE PERSOAL EXERCICIO 2022.
6. DACION CONTA INFORME MOROSIDADE 2021.
- 7.-MOCIONS .:
  - 7.1. GRUPO VIA: MOCIÓN SOBRE A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, A CANALIZACIÓN DE AXUDAS E ACOLLIDA DE REFUXIADOS .
  - 7.2. GRUPO VIA: MOCION SOBRE APROBACIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR AS CONSECUCIAS DA ACTUAL ESCALADA DE PREZOS DE COMBUSTIBLES, GAS E ELECTRICIDADE .
  - 7.3. GRUPO VIA: MOCION SOBRE A BAIXADA DO IBI.
  - 7.4: GRUPO VIA: MOCION APOIO Á PLATAFORMA DE VECIÑOS AFECTADOS POLA MACRO CENTRAL HIDROELÉCTRICA DO XISTRAL.
  - 7.5: GRUPO VIA: MOCION MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA PONTENOVA .
- 8- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.

### **PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**

- 9- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO. APROBACION LIQUIDACION ORZAMENTO 2021.
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS.

### **1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES. ( 10/02/22 e 28/01/22) .**

Pregunta o Sr. Alcalde o sentido do voto do acta correspondente á sesión extraordinaria de data 10 de febreiro e ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022 . Non se producen intervencións.

O Pleno da corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondente á sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022 e á sesión extraordinaria de 10 de febreiro de 2022.





## **2.- APROBACION MODIFICACION ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACION DO CONCELLO DE ALFOZ.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que este documento xa foi sometido á Comisión Especial e que incorpora cambios que se entenden positivos.

Preguntados os concelleiros asistentes , toma a palabra a Sra Rouco Iglesias, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, para indicar que sí que está de acordo, pero como non puido asistir á Comisión quería decir que ao igual que se pide como requisito a matriculación do menor no Colexio quería pedir si máis adiante se podería ampliar o rango de idades ata os 12 anos.

Responde o Sr. Alcalde que a ordenanza é algo vivo, que se pode modificar e mellorar máis adiante, para que siga funcionando .. así que se podería estudar máis adiante porque a intención de dar a subvención para as primeiras idades é para que se apunten ao colexio e entendo que logo o normal é que os cativos non cambien de centro.

Toma a palabra a sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE , para indicar que se ampliou o tema das adopcións, que se incrementaron as cantidades económicas precisamente vinculadas coa matrícula no colexio e quizais nun futuro o poderíamos vincular coa totalidade do ciclo formativo, pero que tamén hai que valorar que precisamente no noso cole son todo ventaxas en parte tamén porque non hai saturación, e que coincide en que é raro que unha vez empezan cambien de centro, salvo circunstancias persoais ou familiares concretas.

Indica o Alcalde que o proposto se poderá analizar máis adiante.

Non se producen outras intervencións.

Vista a proposta incorporada no expediente, que literalmente di:

“ Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación dunha reforma da Ordenanza municipal que regula a concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación do Concello de Alfoz , a fin de mellorar o texto e os importes do documento actual.

Así, en data 18 de marzo de 2022 pola Comisión Especial informativa de estudo e actualización de Ordenanzas, Regulamentos e Ordenanzas fiscais informouse por unanimidade o texto que se indica a continuación:

**ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O**





## FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE ALFOZ.

A citada Ordenanza ( expediente 338/2017) foi publicada no BOP de 19 de xaneiro de 2018.

Logo dos primeiros expedientes , dende o servizo propuxeron unha modificación que consistía na esixencia de manter o empadronamento do neno e dun dos proxenitores alomenos un ano despois da percepción da subvención, pois se estaba a rexistrar incidencias ao respecto que non eran acordes co espírito da axuda. Así cometeuse a modificación do artigo 6.1 da Ordenanza publicado definitivamente o 14 de agosto de 2018.

Levando a Ordenanza en vigor catro anos se entende agora necesario acometer unha revisión do texto da mesma, que se motiva polas seguintes razóns:

1º. Concrétase o concepto de unidade familiar , amplíase o concepto de beneficiario para os adoptantes de nenos de 5 a 8 anos , e se introduce regulación respecto do reparto da axuda no caso da custodia compartida que antes non estaba prevista.

2º. Modifícanse os requisitos para ser beneficiarios, eliminando a idade mínima do menor de 6 meses para novas unidades familiares.

3º. Se eliminan referencias confusas entre articulado da propia ordenanza establecendo con claridade que é requisito estar empadronados 6 meses antes da solicitude da axuda e mínimo un ano posterior á súa concesión.

4º. Elimínase o prazo establecido no artigo 5.3 da obriga de empadronamento no prazo dun mes do recién nacido no Concello, da adopción e para as novas unidades familiares, atendendo únicamente aos prazos referidos no parágrafo anterior a fin de unificar criterios e simplificar requisitos.

5º. No artigo 6 se simplifica a súa redacción, non se alteran os tramos de idade para a aplicación das cantidades de subvención, pero se incrementa de 50 a 100 euros as cuantías para o caso de matriculación na escola infantil e/ou o CEIP do concello.

6º. Se incorpora no artigo 6 as previsións novedosas respecto de adopcións de nenos entre 5 e 8 anos e respecto de custodias compartidas.

7º. Simplifícase no artigo 7 a documentación a presentar polos interesados, entendendo que parte dos documentos que se viñan pedindo xa se acreditan ou a súa información se recolle no Libro de Familia.

8º. No artigo 8 se introduce, de acordo coa Lei Xeral de Subvencións, que os reintegros das axudas liquidarán intereses legais.

Vistos os referidos cambios óptase pola modificación COMPLETA da redacción da citada Ordenanza, PROPOÑÉNDOSE o seguinte texto:

### **ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE ALFOZ**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O envellecemento da poboación e o desprazamento de persoas cara aos núcleos urbanos son, sen dúbida, dous dos principais motivos da baixa taxa de natalidade e do despoboamento do rural galego. O Concello de Alfoz non é alleo a este problema, experimentando unha perda de poboación continua nos últimos anos e unha baixada no número de nacementos, dando lugar a un descenso de preto do 30% no número de habitantes nos últimos 20 anos.





A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de adaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos xoves e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na diminución da natalidade que é un dos principais problemas ao que facer fronte na sociedade nos próximos anos.

Continuar con esta tendencia daría lugar a graves consecuencias poñendo en perigo servizos fundamentais, podendo existir problemas para o mantemento futuro do Colexio Público CEIP Castro de Ouro e da Escola Infantil, de non tomarse medidas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Neste mesmo texto normativo nos artigos 25 a 28 outorgan ao municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, e, en particular, as relativas á educación, cultura, a promoción da muller, vivenda e a protección do medio ambiente.

Ademais, a familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Deste xeito, o Concello de Alfoz considera de interese público o apoio ás familias, circunscibíndose dentro deste o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no concello.

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e/ou establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz, mediante a posta en marcha da presente ordenanza, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

### **Artigo 1.- Fundamento legal.**

A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o artigo 2 e artigo 25.1. da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Ordenanza reguladora do Réxime Local, outorga a este Concello.

O artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as aspiracións e necesidades da comunidade veciñal.

Este Concello considera de interese público o apoio ás familias, circunscibíndose dentro de este o fomento da natalidade. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza, que pretende incentivar novos nacementos no Concello.

### **Artigo 2.- Obxecto.**

O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz.

### **Artigo 3.- Natureza da axuda.**





As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ó establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 4.- Beneficiarios.**

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas ordenanza, os proxenitores naturais e por adopción, xa sexan casados, parellas de feito e / ou familias monoparentais que teñan fillos/as menores de catro anos e sexan titulares do Libro de Familia no que figure rexistrado o nacemento ou adopción. Tamén serán beneficiarios os adoptantes de nenos e nenas de 5 a 8 anos cando con estas idades se formalice a adopción.

Considerase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos, ou maiores desta idade con discapacidade recoñecida, que convivan no domicilio familiar.

Se no Libro de Familia figura un só proxenitor, éste será o único beneficiario.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do/a fillo/a, figure no Libro de Familia e conviva co menor. Esta convivencia deberá acreditarse á data de solicitude da axuda. No caso de custodia compartida poderán ser beneficiarios ambos proxenitores por separado na proporción que teñan asignada de custodia do menor, debendo cumprir todos os requisitos da subvención para poder ser solicitantes.

En ningún caso poderá ser beneficiario o proxenitor privado total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos/as, ou cuxa tutela sexa asumida por unha Institución Pública.

Os estranxeiros poderán beneficiarse de esta prestación sempre que ao menos un de eles cumpra as condicións da Lei Orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e os requisitos establecidos na presente Ordenanza.

#### **Artigo 5.- Requisitos para a concesión da subvención.**

5.1.- Darán lugar ao recoñecemento da subvención cada unha das seguintes situacións:

O nacemento que teña lugar na unidade familiar dos beneficiarios sinalados no artigo anterior, a partir do 1 de xaneiro de 2017.

A adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior, a partir do 1 de xaneiro de 2017.

As unidades familiares con fillos menores de 4 anos e/ou que adopten nenos ou nenas de 5 a 8 anos, cando se formalice con estas idades a adopción, que se empadroen no Concello de Alfoz, a partir do 1 de xaneiro de 2017.

5.2.- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que se acredite que como mínimo dous membros da unidade familiar (o menor e un dos seus proxenitores titulares do Libro de Familia no seu concepto de beneficiario) teñan establecido o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz por un período igual ou superior a 6 meses antes da solicitude e durante 1 ano con posterioridade á concesión da





subvención. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e convivencia.

En todos os casos, os menores deberán convivir no mesmo domicilio como mínimo con un dos proxenitores solicitante no mesmo domicilio, sendo documento acreditativo do cumprimento do disposto o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

No caso de custodia compartida do menor por parte de ambos proxenitores, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

5.3.- Os beneficiarios deberán atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias coas respectivas administracións.

### **Artigo 6.- Contía das axudas.**

6.1.- Todos os solicitantes deberán ter establecido o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz por un período igual ou superior a 6 meses de xeito ininterrompido antes da solicitude da axuda e por un período igual ou superior a 1 ano de xeito ininterrompido desde a concesión da subvención. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e convivencia.

A contía das axudas será graduada por tramos dependendo do cumprimento dos diferentes requisitos do apartado anterior, segundo as seguintes situacións, que serán aplicadas nos mesmos termos en caso de parto múltiple. :

**-Axudas para familias con menores de 0-1 anos.** Percibirán unha axuda de 360 € as familias que acrediten un nacemento / adopción seguindo os requisitos desta ordenanza reguladora. Esta contía será de 450 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 600 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular ao menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 1-2 anos.** Percibirán unha axuda de 120 € as familias con fillos/as menores de dous anos que cumpran cos requisitos recollidos nesta ordenanza. Esta contía será de 150 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 200 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular o menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 2-3 anos.** Percibirán unha axuda de 120 € as familias con fillos/as menores de tres anos que acrediten cumprir os requisitos recollidos nesta ordenanza - Esta contía será de 150 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 200 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular o menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 3-4 anos matriculados no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.** Percibirán unha axuda de 150 € as familias con fillos/as menores de catro anos que acrediten que reúnen os requisitos esixidos nesta ordenanza - Esta contía será de 200 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 300 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as.

**-Axudas para familias que adopten nenos ou nenas de 5 a 8 anos e os matriculen no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.** Cando a adopción teña lugar nesta franxa de idades e cumpran cos requisitos esixidos nesta ordenanza, poderán optar ás axudas correspondentes aos





tramos de idade inferiores.

*Tras a resolución xudicial de adopción e cumpridos 6 meses de empadronamento do menor e da pai/nai solicitante, poderá pedirse a axuda á natalidade, correspondéndolle a axuda polo primeiro tramo de idade ( 0-1), e ao ano seguinte o 2º tramo, e así sucesivamente ata cumprir os 8 anos de idade.*

- No caso de **custodia compartida do menor por parte de ambos proxenitores**, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

6.2.- O Concello anualmente nos seus orzamentos destinará unha cantidade global a conceder por axudas á natalidade e o asentamento de poboación cuxo importe será o límite das axudas a recoñecer.

6.3.- A imputación do gasto realizarase con cargo á partida orzamentaria específica que se creará no orzamento xeral do Concello, a cuxa existencia se vinculará a aplicación desta ordenanza, na medida en que debe estar previsto o crédito de maneira adecuada e suficiente para a súa efectividade.

6.4.- O Concello, non obstante ao disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

### **Artigo 7.- Procedemento.**

7.1.- As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro Xeral, estando aberta a convocatoria todo o ano.

7.2.- As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Certificado de convivencia onde figuren o/s solicitante/s e o menor para acreditar a residencia efectiva no Concello de Alfoz de xeito ininterrompido no período esixido por esta subvención.

- Certificados acreditativos de acharse ao corrente das obrigas tributarias municipais, autonómicas e estatais.

- Certificado de titularidade da conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

- No caso de familias con menores de 0 a 3 anos que soliciten a axuda correspondente por estar matriculado/a na Escola Infantil de Alfoz, deberán aportar copia da matrícula do menor.

- No caso de familias con menores de 3 a 4 anos, será imprescindible que aporten -copia da matrícula no CEIP Castro de Ouro.

- No caso de familias que adopten nenos e nenas de 5 a 8 anos, sendo efectiva a adopción neste tramo de idades, será imprescindible que aporten copia da matrícula no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.

- Copia do Libro de Familia.

- Copia del DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación del solicitante -

- Copia do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.

No caso de custodia compartida do menor por parte de ambos







proxenitores, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

7.3.- Completada a documentación, unha vez expirado o prazo outorgado ao efecto polos Servizos Municipais ( Educadora Familiar do Departamento de Servizos Sociais como instrutor do expediente) aos efectos de mellora ou enmenda da solicitude , comprobaranse os datos e, informado o asunto, elevarase proposta á Alcaldía, que aprobará o expediente no prazo máximo de tres meses , e as contías individualizadas correspondentes, sendo notificado o devandito acordo aos solicitantes.

7.4.- Adoptado o acordo pola Alcaldía, aboarase aos beneficiarios o importe resultante no prazo que se estableza no propio acordo.

7.5.- As solicitudes poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

1. Non cumprir os requisitos establecidos para a concesión da axuda.
2. Presentar a solicitude fóra dos prazos establecidos
3. Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

7.6.- O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados motivará a desestimación da solicitude por silencio administrativo.

### **Artigo 8.- Responsabilidades.**

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de tela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, con independencia das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

A presentación da solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios están obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter na subvención, e están obrigados a reintegrar a axuda xa concedida cos intereses legais correspondentes cando se incumpran os requisitos establecidos para a súa concesión durante os prazos establecidos nos distintos supostos.

### **Artigo 9.- Compatibilidades.**

Estas axudas serán compatibles con aquelas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e da Provincia.

### **Artigo 10.- Réxime Xurídico.**

A normativa que regulada a concesión de axudas á natalidade e o asentamento de poboación é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma, terase presente a Normativa administrativa reguladora de réxime local, e na súa falta, de carácter xeral.

A presente ordenanza é complementaria e compatible respecto da Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz.





O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no título II da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

Terase dereito a percibir a correspondente axuda para os supostos que veñen recollidos nestas ordenanza reguladora que tivesen lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2017.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Visto o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da referida Ordenanza.

Esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMERO.** Aprobar inicialmente a modificación do texto íntegro da Ordenanza municipal para a concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación do Concello de Alfoz, nos termos que figuran no expediente coa redacción informada positivamente pola Comisión informativa en data 18 de marzo de 2022.

“

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboeiro de anuncios do Concello e sede electrónica polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas polo Pleno da Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sin necesidade de Acuerdo expreso polo Pleno.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:





Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

### **3.- APROBACION ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que xa se tiña falado neste Pleno da necesidade de facer un regulamento, que toma como base outros de sitios no que xa está funcionando, e é algo para empezar e logo xa veremos si se ten que modificar.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para decir que entendemos que é un documento moi completo e que contempla un sistema de reservas que non se detalla polo miúdo por si logo fora necesario cambiar de empresa ou de sistema, e que a ver cando empece a funcionar qué necesidades detectamos.

A Sra Rouco Iglesias, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular pregunta si o uso vai ser gratuíto.

Resposta o Alcalde que en principio sí, que xa se verá logo si hai moita demanda.

A Sra Incera indica que se vai montar a pechadura electrónica e poñer en marcha o sistema de reservas na web, e aínda que falta publicacións da ordenanza, a intención é que empece a funcionar en maio.

A sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz pregunta si no caso de que teña moita afluencia se poderá poñer como criterio o uso prioritario dos veciños de Alfoz.

A Sra Rouco dí que non se pode discriminar.

A Sra Incera dí que non é legal, que é un asunto amplamente estudiado cando foi da apertura da piscina o ano da COVID que en Valadouro estaban en obras, e concluíuse que non é legal priorizar ou restrinxir o acceso por razón de empadronamento por ser unha instalación de uso público , e que vamos a ver cómo vai funcionando.

A Sra Rouco pregunta si de ter coste tamén seria a mesma cantidade para todos. A Sra Incera resposta que así é.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di;

“ Logo da construción no ano 2021 da pista de pádel en A Seara, fonte a dependencias da Casa Consistorial tras convenio coa Secretaria Xeral do Deporte de Galicia, se entende necesario de cara ao seu disfrute polos veciños e demais usuarios , regular o seu funcionamento , así como a identificación e reparto de responsabilidades .

O texto que se trae a aprobación foi informado favorablemente por





unanimidade e sen modificacións na Comisión especial informativa en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2022:

## **ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ.**

### **PREÁMBULO**

**CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓNS XERAIS.**

**CAPÍTULO II. – CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS.**

**CAPÍTULO III. – ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.**

**CAPÍTULO IV. – NORMAS DE USO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL.**

**CAPÍTULO V. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

**DISPOSICIÓNS FINAIS.**

### **PREÁMBULO.**

*De conformidade co indicado no Artigo 129 da Lei 39/20215, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no exercicio da potestade regulamentaria as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. O Regulamento de uso da pista de pádel municipal de Alfoz resulta necesario para ordenar o uso das citadas instalacións como ben de servizo público, cunha pluralidade indeterminada de usuarios de distintos sectores de idade, entendéndose que é de interese xeral trasladar ao público cales son as normas de utilización dun espazo colectivo co fin de garantir a convivencia nun espazo común, o cumprimento das normas vixentes, o fomento de actividades deportivas e de lecer como coadxuvantes de hábitos e formas de vida saudables, etc.*

*O artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réximen Local, establece como competencia propia da entidade local a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*A pista de pádel, en tanto é instalación destinada á prestación de servizo público de fomento de actividades deportivas, e ao abeiro da definición contida no artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades locais (Real Decreto 1372/1986), é un ben de dominio público. Segundo o artigo 75 da mesma norma, no bens de dominio público distínguense os seguintes usos:*

- uso común, do que poden facer todos os cidadanos indistintamente, que pode ser xeral ou especial se concorren circunstancias especiais de intensidade de uso, peligrosidade.....*
- uso privativo, que é a ocupación dun ben de dominio público que exclúe ou limita a utilización do ben polos demais por certa fixeza ou solidez nas instalacións ou ben por vocación de permanencia prolongada.*
- Uso normal ou uso anormal, segundo sexa ou non conforme co destino principal do ben.*

*Os usos privativos e os usos anormais están por lei suxeitos a concesión, mentres que os demais usos se regulan por autorización ou licencia.*

*O presente Regulamento ten como obxecto establecer as condicións para o*





otorgamento das citadas licencias ou autorizacións, que en todo caso son revocables por razóns de interese público e sen dereito a indemnización .

Pero , ademáis, de conformidade co indicado no artigo 32.1 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os particulares teñen dereito a ser indemnizados polas Administracións públicas de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar segundo a lei...

Este principio xeral de responsabilidade patrimonial presenta particularidades cando o dano causado se ten producido durante a práctica dunha actividade deportiva (sentencia TS 22 de outubro de 1922), porque o risco que pode implicar a actividade deportiva é asumido por quen participa nela, o que supón que non pode ser aplicable a responsabilidade obxectiva da Administración directamente en canto titular da instalación onde se practica o deporte, pero sí habilita a establecer en qué condicións debe ser realizado o mesmo en termos de responsabilidade.

O concello asume en todo caso a obriga de que as instalacións ofrezcan as adecuadas medidas de seguridade para a práctica do deporte como medida determinante para evitar que surxa responsabilidade patrimonial pública, pero os usuarios das instalacións tamén deben asumir e coñecer os parámetros que dan contido a un uso responsable e adecuado dunha instalación da que deben poder beneficiarse e disfrutar o maior número posible de usuarios.

O citado Regulamento é compatible e complementario coa normativa que sobre a práctica desta especialidade deportiva aproben as entidades competentes, así como coas prescricións da Lei 30/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

## **CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓNS XERAIS.**

### **Artigo 1º Fundamento**

El presente Reglamento se dicta , con base no artigo 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e ten por obxecto establecer un conxunto de normas e condicións xerais para o funcionamento da Pista de pádel, así como para a planificación do seu uso e reserva .

### **Artigo 2º Obxecto**

É obxecto da presente ordenanza ordenar o uso das instalacións da pista de pádel do Concello de Alfoz, cos seus distintos elementos, como ben de dominio público (servizo público) sexa xestionada polo Concello directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades previstas na Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e será de aplicación ás actividades que leven a cabo nestes espazos, tanto para regular o uso da pista mediante a integración dun motor de reservas na web do concello como para establecer as normas xerais de uso.

### **Artigo 3º Finalidades do servizo público.**

Son finalidades do servizo público que se presta na Pista de Pádel Municipal as





seguintes:

- a) *Promover o acceso da cidadanía sen discriminacións nin límite de idade, á práctica deportiva, como ocupación saudable do tempo de lecer.*
- b) *Achegar a actividade do pádel aos menores a través dos programas deportivos que se implanten.*
- c) *Promover cursos de pádel entre os distintos sectores da poboación.*
- d) *Fomentar e promover o exercicio físico mediante actividades que se realicen nas instalacións da pista de pádel.*
- e) *Difundir o deporte en idade escolar.*
- f) *Promover e, no seu caso, executar programas xerais do deporte en coordinación coa Administración autonómica, así como en colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou asociacións deportivas.*

#### **Artigo 4º Normas xerais de uso.**

*Os usuarios e usuarias deben cumprir as normas de uso dos espazos da instalación deportiva.*

*Ditas normas estarán nun lugar visible da pista de pádel, así como a información que poden consultar no presente regulamento, do cal se terá publicado na web e sede electrónica municipal podendo acceder a través de código Qr ou ligazón ás mesmas para o seu coñecemento.*

*Os usuarios, igualmente, terán acceso a información sobre medidas que se teña que implementar para cumprir normativas específicas (por exemplo Covid-19).*

#### **Artigo 5º . Usos preferentes .**

*5.1. De conformidade co compromiso asumido por este Concello no convenio de financiamento que permitiu a construción da pista de pádel , no ámbito da programación deportiva desta instalación o Concello facilitará o uso gratuíto da instalación para todas aquelas competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte, previa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas institucións que regule os aspectos específicos destas actuacións.*

*Así mesmo o Concello de Alfoz comprometeuse a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas palas distintas federacións deportivas de Galicia na citada pista.*

*Os devanditos usos terán carácter preferente ante calqueira petición de reserva ou reserva efectuada .*





5.2. Queda prohibida a utilización das pistas de pádel para dar clases por parte de particulares. Esta actividade unicamente poderá ser desenvolta coa aprobación da Concellería de Deportes do Concello de Alfoz, que poderá restrinxir as reservas en determinadas horas ou días para a realización de actividades programadas, labores de mantemento ou eventos deportivos que obriguen ao seu reserva, quedando anulado ou modificado o sistema de reservas ata a conclusión das devanditas actividades.

5.3. O concello de Alfoz tramitará a inscrición da instalación no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, como condición previa para a posibilidade de celebrar competicións de carácter oficial de calqueira ámbito territorial.

5.4. De conformidade co artigo 83 da Lei xeral do Deporte de Galicia, no caso de que o Concello conceda algún tipo de licenza especial de uso , as mesmas serán comunicadas ao Rexistro de Instalacion e Equipamentos Deportivos de Galicia para a súa inclusión no censo autonómico.

### **Artigo 6º Reserva das pistas**

1.-As reservas e o acceso á/s pista/s de pádel realizaranse a través das instrucións que figuran na páxina web municipal ([www.concellodealfoz.com](http://www.concellodealfoz.com)) e estará xestionado a través dun sistema de domótica que permite ao usuario tramitar as súas reservas e o acceso á pista de pádel a través do seu teléfono móbil, Tablet ou PC de forma autónoma e segura. Na mesma páxina explicárase de forma clara e sinxela o funcionamento do motor de reservas: calendario de dispoñibilidade segundo código de cores, tempos de reserva, validación de reserva, anulación de reserva, código de acceso, etc.

2.-Desta maneira poderán facer reservas en liña as 24 horas do día con total liberdade, sempre cumprindo os requisitos e condicións que o Concello determinase (días de antelación para reservar, horarios, política de cancelación, etc.).

No momento da reserva é aconsellable comprobar tanto a finalización correcta do proceso de reserva como o día e horario reservado.

3.-Habilitarase unha dirección de correo para comunicar incidencias, suxerencias ou dúbidas sobre o servizo.

4.-A reserva de pista será por unha hora e media. Entre unha reserva e a seguinte establécese un período de cortesía de cinco minutos a fin de que a pista quede baleira para o seguinte usuario e as portas pechadas. Non se permiten dous reservas consecutivas para o mesmo usuario.

5.-Os usuarios e usuarias poderán reservar e alugar a pista de pádel como máximo con





tres días de antelación ao uso da mesma e ao tratarse dun método en liña, a calquera hora do día.

6.-No caso de celebración de torneos, clases ou competicións programadas e organizadas polo propio Concello, as horas establecidas quedarán bloqueadas na web non podendo ser reservadas por ningún usuario.

### **Artigo 7. Acceso á pista**

O día da reserva, o usuario ten que dirixirse á instalación. O sistema de reservas asignaralle un código para desbloquear a fechadura intelixente da pista.

Así mesmo, mediante un sensor crepuscular, detectarase se é necesario no seu horario de reserva o aceso das luces, no caso de que así sexa, o sistema activará de maneira automática as luces, que permanecerán acendidas o tempo que dure a reserva, máis uns cinco minutos de cortesía. As luces apagaranse e as portas bloquearanse, impedindo a entrada.

### **Artigo 8 . Incidencias na utilización**

1.- Unha mala conduta ou un mal uso das instalacións poderá ser sancionada na forma prevista nesta Ordenanza.

2.- O usuario poderá cancelar a súa pista ata 6 horas antes da hora establecida.

### **Artigo 9. Normas xerais obrigatorias de uso.**

Resulta obrigatorio para os usuarios da pista de pádel o cumprimento do seguinte :

9.1 . Os usuarios da pista de pádel deberán ir correctamente vestidos con roupa deportiva e calzado adecuado ao uso do céspede sintético. En ningún caso se poderá facer uso da pista con roupa de calle e sobretudo , zapatos non deportivo, tipo mocasines ou similar. Está completamente prohibido xogar desprovisto de camiseta, co torso desnudo ou descalzo , para evitar lesións por fricción. Queda prohibido o uso de calzado con tacos e/ou multitacos e chanclas . O calzado debe ter a sola específica para a práctica desta modalidade deportiva, a fin de contribuir ao correcto mantemento das instalacións e evitar lesións.

9.2. Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar os restos de terra ou barro que puidesen levar as súas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupas, botes de pelotas ou botellas que utilizen, depositando todo o que se considere residuo na correspondente papeleira ou







contedor.

*Os recipientes de todo tipo que se introduzcan no recinto deben ser irrompibles.*

9.3. *Non está permitido , dentro da pista, utilizar elementos propios doutras prácticas deportivas, especialmente raquetas/pás e pelotas , así como xogar a outras modalidades deportivas distintas á disciplina da práctica do pádel.*

9.4. *Durante o transcurso do tempo reservado para a práctica da modalidade deportiva non poderá ser utilizada a pista por máis de catro xogadores ao mesmo tempo.*

*Os acompañantes non poderán acceder á pista, debendo situarse no exterior da mesma. O pádel é un deporte para practicar un máximo de 4 xogadores. Só poderán permanecer na pista os xogadores.*

9.5. *Non se permite a entrada de animais ao recinto das Pistas.*

9.6. *A pista debe ser desocupada á finalización da reserva efectuada, independentemente de si a seguinte fracción temporal está reservada ou non.*

9.7. *Unha vez finalizado o tempo de reserva de uso da pista de pádel , os usuarios deberán abandonar a mesma cerrando obrigatoriamente a porta de acceso .*

9.8. *Os usuarios da pista de pádel deberán notificar ao Concello de Alfoz calqueira anomalía ou desperfecto que se tivera observado antes de comenazar ou durante o transcurso do xogo, ben telefonicamente ben a través da aplicación de reserva ou por mail ao concello: [concello.alfoz@eidolocal.es](mailto:concello.alfoz@eidolocal.es)*

9.9. *Prohíbese o uso das pistas de pádel a menores de 16 anos salvo que se atopen baixo a supervisión dunha persoa maior de idade e sexa o maior quen faga a reserva e estea en todo momento na instalación. Os usuarios de 16 e 17 anos deberán contar coa autorización asinada de por o pai/nai ou titor/a legal de devandito menor, salvo emancipación.*

9.10. *Os cambios de campo realizaranse exclusivamente a través das portas de acceso ás pistas, non podendo saltar a rede para realizar os devanditos cambios.*

9.11. *A pista de pádel do Concello de Alfoz é unha pista unicamente de xogo interior.*





Non está deseñada para xogo exterior coas correspondentes características de portas e espazos exteriores libres para esta modalidade.

9.12. Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos ao céspede artificial, aos cristais ou aos xogadores. Os usuarios e usuarias serán responsables dos danos ocasionados.

9.13. É obrigatorio seguir as indicacións dos responsables da instalación, e ter en conta que antes da práctica deportiva, é recomendable:

1. Quentar e estirar a musculatura antes de entrar na pista.
2. Hidratarse adecuadamente.
3. Estirar os músculos á finalización da actividade.

#### **Artigo 10. Responsabilidade do usuario**

1. O Concello de Alfoz declina toda a responsabilidade das lesións que puidesen orixinar derivadas da práctica deportiva.

2. Os participantes no momento de facer a reserva, manifestan estar fisicamente aptos para realizar a actividade físico-deportiva e o uso do equipamento adecuado para a práctica do pádel, sobre todo no referente ao calzado. Así como o coñecemento e aceptación das normas de uso e demais cuestións recollidas nesta ordenanza.

3. Unha vez concluída a sesión, os usuarios deberán abandonar a pista e recoller todas as súas pertenzas, roupa, pas, pelotas, botellas, botes, etc.

4. Os usuarios deberán seguir as instrucións e requirimentos recollidas nesta ordenanza así como as publicadas a web municipal en relación á pista de pádel.

5. Os usuarios asumen a responsabilidade sobre os danos que produzan nas instalacións tanto por mal uso como por lances do xogo.

#### **Artigo 11. Responsabilidade exonerada**

O Concello de Alfoz non se fará responsable da perda, roubo ou extravío de calquera obxecto que se deixe nos mesmos.

#### **Artigo 12. Horario de uso da pista de pádel**

- De luns a domingo
- De 8:00 a 24:00 horas.

#### **Artigo 13. Obrigações do persoal**

O persoal municipal asignado ao servizo terá as seguintes funcións:

1. Coidar de que o uso da pista sexa acorde con esta Ordenanza.
2. Propoñer á Corporación municipal medidas adecuadas para o mellor funcionamento.
3. Atender as suxerencias, queixas e reclamacións que formulen os usuarios.
4. Notificar aos usuarios da pista as comunicacións do Concello que directamente lles afecten.
5. Manter continuamente informado o Concelleiro de Deportes ou o encargado destas funcións de todo aquilo que dalgunha relevancia ocorra na pista.
6. Cantas outras funcións resulten desta Ordenanza ou lle foran encomendadas pola





## Concellería de Deportes.

7. Axudar a toda a persoa que non dispoña da internet ou que lle supoña un esforzo alugar as pistas por este sistema para reservarles a pista na data e hora solicitada se está dispoñible.

Artigo 14.-. Obrigas do Concello respecto do mantemento das instalacións.

Dentro das limitacións de dispoñibilidade de medios materiais e persoais do Concello, a fin de garantir un uso seguro e adecuado das instalacións se establecen as seguintes obrigas :

- Para o mantemento das superficies de céspede artificial realizaránse as seguintes tarefas:

1º. *Limpeza : eliminación de follas, semillas, malas herbas e todo tipo de restos que poidan descompoñerse e propiciar a aparición de fungos na superficie, con especial intensidade na época otoñal. Se levará a cabo mediante cepillo ou rastrillo suave con dentes de goma ou plástico. Si se utiliza soplador deberáse ter en conta que non se pode afectar á distribución de area en superficie.*

2º. *Redistribución da area: realizarase con cepillo ancho con hebras de dureza intermedia, equilibrando o nivel de area ; o cepillado realizarase en sentido lonxitudinal e transversal alomenos dúas veces ao ano, especialmente antes da etapa primaveral e logo do verán.*

3º. *Eliminación de fungos e musgos: nas zonas pouco usadas das pistas e sombrías é posible que se formen fungos. Aplicaranse produtos específicos que non teñan base de aceite.*

4º. *Verificación das xuntas: comprobarase cunha periodicidade mínima trimestral a ausencia de elevación de xuntas de unión da pista, que deberán ser reparadas de forma inmediata para evitar reparacións máis severas ou accidentes.*

5º. *A limpeza profunda e descompactación da superficie deberá ser realizada polo menos cada cinco anos, por empresa cualificada do sector, ou cando por circunstancias sobrevenidas, a capacidade de drenaxe da pista esté comprometida.*

- *Evitarase a corrosión nos pechamentos con supervisión periódica dos mesmos, e de ser detectado punto de corrosión procederase inmediatamente polo persoal municipal ao lizado, imprimación e pintado da zona con dobre capa para evitar o progreso do proceso de oxidación.*

- *Deberá comprobarse de forma periódica que os vidrios non presenten grietas, especialmente na zona de anclaxe. No caso de ter observado algunha, non se permitirá o uso da pista ata realizar o cambio do vidro afectado para evitar rupturas por choque ou cambios térmicos.*

- *O material de redes e postes deberán ser substituídos en canto se comprobe rutura ou deformación que impida a correcta práctica do deporte.*

- *En canto ás instalacións lumínicas, realizaranse limpeza periódica de reflectores e cristais, con revisión contínua de circuitos eléctricos para evitar puntos quentes por conexións floxas ou deterioros sobrevenidos. Procederase á substitución das lámpadas cando sexa preciso.*





## RÉXIME SANCIONADOR

### Artigo 15. Infraccións

1. Os usuarios serán responsables dos danos ocasionados podendo impoñerse sancións conforme á normativa legal e o previsto nesta Ordenanza.
2. Se por parte do persoal encargado da instalación se observasen condutas contrarias ao establecido nesta Ordenanza, condutas que afecten á boa orde ou que causen ou poidan causar danos á instalación, o material alugado ou a outras persoas, a persoa responsable será cominada a abandonar o recinto.
3. Terán a consideración de infracción o incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tipificándose como moi graves, graves e leves.

Sen perxuício do regulado nos artigos 192 e seguintes da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas:

A) Son infraccións moi graves:

- O acceso ilegal ás instalacións.
- A perturbación relevante que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao normal desenvolvemento das actividades deportivas, de Protección da Seguridade Cidadá.
- O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo.
- A deterioración grave e relevante das instalacións.

b) Son infraccións graves as que supoñan danos en instalacións distintas das enumeradas no apartado anterior.

c) Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente Ordenanza que non poidan cualificarse como grave ou moi grave.

### Artículo 18. Sancións

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501,00 ata 3.000,00 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751,00 ata 1.500,00 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 30,00 ata 750,00 euros.
4. Xunto coas anteriores sancións pecuniarias poderase impoñer, ademais, como sanción, a prohibición de utilizar as instalacións por tempo de ata 3 meses por infraccións leves e de ata 6 meses para as graves. Para infraccións moi graves poderase impoñer a sanción de prohibición definitiva de uso das pistas, perdéndose a condición de usuario.

### Artigo 19. Procedemento sancionador

Para a imposición de sancións pola comisión das infraccións descritas tramitarase o correspondente expediente sancionador, conforme as disposicións contidas na Lei





39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas do 1 de Outubro.

### **Artigo 20. Indemnización de danos e prexuízos**

*A imposición das sancións que proceda será independente e compatible coa esixencia polo Concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuízos causados nas instalacións.*

### **DISPOSICION FINAL. ENTRADA EN VIGOR**

*A presente Ordenanza, entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín oficial da provincia e transcurra o prazo ao que fai referencia os artigos 49 e 65,2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.”*

Visto o expediente tramitado onde consta informe de Secretaría e as obrigas asumidas polo Concello de Alfoz no convenio asinado coa Secretaria Xeral do Deporte da Xunta de Galicia que permitiu a súa construción.

Esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMERO. Aprobar inicialmente a **ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ**, conforme o documento informado favorablemente pola Comisión informativa en sesión de 18 de marzo de 2022.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboeiro de anuncios do Concello e sede electrónica polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas polo Pleno da Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sin necesidade de Acuerdo expreso polo Pleno.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa totalidade.

**4.- APROBACION EXPEDIENTE LICITACION CONXUNTA SAF DEPENDENCIA CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO .**





Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que se trata do expediente do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia e que si quere algún concelleiro facer intervención ou solicita algunha aclaración.

A Sra Rouco Iglesias, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular quere facer constar que algúns usuarios se queixan porque cando algunha auxiliar se da de baixa ou ten vacacións se modifican os horarios.

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE e concelleira delegada de Servizos Sociais, que en principio non deben cambiarse os horarios, que lóxicamente entendo que aos usuarios non lles gustan os cambios e que xenera incomodidade máis neste tipo de servizos, pero entendo que pasa en calqueira servizo onde hai cambios de persoal que non supón directamente cambio de horarios. O contrato que propoñemos é moi similar ao que temos, que sigue partindo dun incremento do 30 5% das horas prestadas en canto a previsións tanto do número de usuarios como de intensidade do servizo, e que sí que quero destacar é que a hora de puntuar a calidade , e seguindo a información facilitada dende o departamento de Servizos Sociais, incrementamos as unidades de préstamo ( camas, grúas), metimos a maiores como novidade o servizo de transporte adaptado con e sin acompañante sobretudo pensando en usuarios que viven solos, se incrementaron horas de rehabilitación e suprimimos a limpeza de choque porque só se fixo unha e cando se precisa as horas que tiñamos eran realmente insuficientes.

Polo demáis o planteamento é practicamente o mesmo, intentando prestar un servizo de calidade.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, a sra Maseda Paz para decir que tiña razón Raquel, e que cando dí que a substitución do persoal en baixas non implica cambio de horario, non é verdade.

A Sra Incera di que non nos consta que se estén producindo cambios de horario, que pode haber algún caso puntual, pero que por sistema afirmo que non.

A Sra Maseda di que chegou ao meu coñecemento varios casos de cambio de horario, que non se están cumprindo e que quén é a responsable, porque hai persoas que teñen para as nova da mañá e se lles vai pasando para outras horas, hasta ás 12 , do horario que tiñan establecido. Que se mova o servizo algún día por imprevistos ou urxencias é normal, pero non que se manteñan cambios todos os días, e que non sei quén controla isto.

Contesta o Sr. Alcalde que paréceme moi ben que se diga e que me gusta saber estas cousas, pero é a primeira noticia que temos porque non houbo ningunha queixa, e a primeira responsable do contrato e do servizo é a Traballadora Social, e si ela non pode solucionalo está Arantxa como concelleira e eu, pero que estas cousas deben decirse no concello. Ademáis, como sempre, me gusta que se argumenten para saber si son certas, e saber qué





pasa e tomar medidas, pero que decirllo á oposición ou a calquiera concelleiro non é o medio para identificar o problema.

Di a Sra. Maseda que me poño eu por diante e que xa llo comentei á traballadora social, e como eu pásalle a máis xente.

Di o Alcalde en que insisto que primeira noticia, e que haberá que reunir no caso de ser necesario a comisión de seguimento do contrato e reunirse coa empresa.

A Sra Incera di que os usuarios deben ser os que nos informen para tomar medidas.

O Sr Alcalde coincide en que primeiro ten que falarse cos funcionarios e logo cos políticos para tomar as medidas que poidamos , pero si se tapa e non se sabe mal vamos. Preguntarei a ver qué pasou.

Non se producen máis intervencións.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente , que literalmente di:

“ Vistos os seguintes antecedentes:

1º. Expediente 342/2021 , Convenio de delegación realizado polo Concello de O Valadouro no Concello de Alfoz para a contratación conxunta do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia dos Concellos de Alfoz e Valadouro, asinado o día 18 de outubro de 2021 logo dos acordos de aprobación dos respectivos plenos en data 24 de setembro de 2021 e 14 de outubro de 2021 , respectivamente, e publicado en cumprimento do indicado no artigo 11 da Lei 40/2015, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 25 de outubro de 2021 ( n.º 245).

2º, Expediente 389/2021 , de actuacións preparatorias do Contrato do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia dos Concellos de Alfoz e Valadouro, ao que se incorporaron informes técnicos emitidos polas Traballadoras Sociais de ambos Concellos acreditativos da insuficiencia de medios persoais e materiais, así como a estimación das necesidades do servizo. No mesmo expediente incorpórase, logo da súa solicitude, escrito da empresa Idade de Ouro Servizos Sociosanitarios SL sobre persoal a subrogar de conformidade co convenio colectivo de aplicación de conformidade co artigo 130 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de febreiro de 2022 pola Concelleira Delegada se dicta Resolución na que queda acreditada a insuficiencia de medios persoais e materiais para a prestación do servizo de forma suficiente que xustifica a licitación.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:





PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA NOS CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO			
Procedemento: Aberto	Tramitacion: Ordinaria	Tipo de contrato: Servizos	
Clasificación CPV: 85300000-2	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 4.581.425,16	Impostos: 183.257,01	Total: 4.764.682,16	
Valor estimado do contrato: 6.643.066,48	Impostos: 265.722,66	Total: 6.908.789,14	
Data de inicio execución: 01/08/2022	Data fin execución: 31/07/2026	Duración execución: 48 meses	Duración máxima: 60 meses
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Non	Garantía complementaria: Non	

Lotes:

LOTE 1	Código CPV:85300000-2
Descrición do lote: SAF DEPENDENCIA CONCELLO DE ALFOZ	
Valor estimado: 3.453.790,09 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 2.381.924,20	IVE 4%: 95276,97 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 2.477.201,16 €	
Lugar de execución: TERMO MUNICIPAL DE ALFOZ	

LOTE 2	Código CPV:85300000-2
Descrición do lote: SAF DEPENDENCIA CONCELLO DE O VALADOURO	
Valor estimado: 3.189.276,39 E	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 2.199.500,96	IVE 4%: 87.980,04 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 2.287.481,00 €	
Lugar de execución: TERMO MUNICIPAL DE O VALADOURO	

Á vista do expediente de contratación 46/2022 tramitado:







Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta de contratación do Servizo	26/11/2021	Informe da Traballadora Social Alfoz
Informe de Secretaría	08/03/2022	
Informe de Intervención	08/03/2022	
Resolución de inicio	08/03/2022	Concelleira Delegado de Servizos Sociais:129/22
Prego prescricións técnicas	08/03/2022	
Prego de cláusulas administrativas	10/03/2022	
Informe de fiscalización previa	11/03/2022	

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A vista do exposto, esta Alcaldía, recabada porposta da Concelleira delegada de Igualdade, Servizos Sociais, Turismo e Atención ao veciño, PROPÓN AO PLENO A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO.

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento Aberto para Servizos PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA NOS CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente, logo do informe de fiscalización obrante no expediente.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

**SEXTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

**SÉTIMO.** Solicitar a colaboración ao Concello de O Valadouro na composición





da Mesa de Contratación, coa designación necesaria de dous postos, dos cales al menos un sexa de carácter técnico ( Traballadora social, Secretaria-Interventora.....).

Posteriormente, pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais do Concello de Alfoz realizarase mediante Decreto o nomeamento dos membros da Mesa con carácter previo á súa constitución, do que se dará a oportuna publicidade.”

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

## **5. ORZAMENTO MUNICIPAL E PLANTILLA DE PERSOAL EXERCICIO 2022.**

Toma a palabra o Sr Alcalde para decir que hay unha modificación sobrevenida no artigo 33 das bases de execución do orzamento para engadir unha subvención nominativa a maiores a favor do SEVA, porque non tiñan presentado o proxecto e o fixeron o día 23 ás 23.30 e o coñecemos ontes á mañá. Financiarase con cargo á cantidade que estaba prevista para as subvencións culturais en concorrencia competitiva, por 2350 euros.

A maiores, hoxe recibimos enmendas do grupo Municipal VIA Alfoz, a cuia voceira se cede a palabra por si quere explicalas.

O escrito ten a seguinte literalidade:

**EMENDA Nº1. CREACIÓN DUN PROGRAMA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS E PEMES DIRIXIDA A AUMENTAR A SÚA COMPETITIVIDADE, FAVORECER A RECUPERACIÓN TRAS A PANDEMIA DO COVID-19 E PALIAR OS EFECTOS DO INCREMENTO DOS CUSTES ENERXÉTICOS.**

*Descrición. Observando a suba dos prezos dos combustibles, do gas e da electricidade e a súa afección ao noso tecido produtivo, desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que, ademais de esixirle ao Goberno de España a posta en marcha de medidas que aplaquen unha escalada de prezos, tamén desde o Concello de Alfoz se deben aprobar medidas para axudar á competitividade e a recuperación dos autónomos e PEMES de noso concello. Financiamento. Esta nova partida entendemos que se debería incluír no capítulo de Transferencias Correntes por un importe de 40.000 €. O custe da medida financiaríase coa redución de diferentes partidas de gastos diversos correspondentes ao Capítulo 2 Gastos Correntes en Bens y Servicios, así como dos remanentes de exercicios anteriores.*

**EMENDA Nº2. REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL PARA CREAR SOLO URBANIZADO CON DESTINO DE USO INDUSTRIAL**

*Descrición. O Concello de Alfoz está dentro dos concellos de Galicia aos que a Xunta de Galicia lles está a tramitar un Plan Básico Municipal. Partindo de que o Plan Básico Municipal non desenrola Solo Industrial, figura que unicamente contempla un*





*Plan Xeal de Ordenación Municipal, e conscientes da necesidade deste tipo de solo no noso concello para o desenrolo do tecido empresarial local, consideramos necesaria a redacción dun Plan Especial para crear Solo Urbanizado con destino de Uso Industrial. Financiamento. Esta nova partida entendemos que se debería incluír no capítulo de Inversións por un importe de 20.000 €. O custe da medida financiaríase coa redución da partida correspondente á cuberta da pista de pádel, por non considerar esta partida como prioritaria, e entendendo que se pode financiar con outras axudas.”*

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do grupo Municipal VIA Alfoz, para dicir que nos parece que faltan partidas para esas días actuacións; que polo que respecta ao planeamento xa o botamos en falta no orzamento de 2021, e que se pide axudas para autónomos y PYMES para financiar con cargo a gastos corrientes.

Resposta o Sr Alcalde que respecto da primeira enmenda que entende que non se pode sacar das partidas de gastos corrientes tal e como se está dando o incremento de prezos en luz, gasoil... que tamén é para o Concello, e que o que se puxo xa ten en conta o que se gastou o ano pasado, e a ver si non temos que incrementar de aquí a fin de ano para que as partidas non queden insuficientes. Ademais, os remanentes de anos anteriores non se poden incorporar de inicio ao proxecto do expediente.

Pregunta a Sra Maseda se non se preveu o incremento de prezos.

Resposta o Sr Alcalde que tomouse como referencia os costes que arroxou a liquidación do ano anterior, e a ver si podemos ir reducindo gastos doutros sitios e si temos sorte en non ter moitas averías, aínda que o outro día aínda o todoterreno tivo un imprevisto. O incremento dos costes é para todo o mundo, tamén para o Concello, non só para as empresas. Ademais, como lle decía os remanentes non se poden incorporar para según que fines segundo a legalidade.

En canto á enmenda 2ª non sei si saben que estamos coa planimetría do Plan Básico, e xa houbo varias reunións na Consellería e primeiro tempos que ter terminado o Plan Básico e logo xa faremos o Plan Especial para desenvolver.

Indica a Sra Maseda que o Plan Básico non desenvolve o Plan Especial.

Resposta o Sr. Alcalde que sí, pero que primeiro imos esperar ao Plan Básico, porque a zona industrial xa estaba determinado o espazo e non si se o imos desenvolver nesa zona ou noutra. Sobre a afirmación de que a cuberta de pádel non é imprescindible, dicir que o custe é de 100.000 euros e estamos buscando a financiación máis ampla posible porque o concello non pode gastar esa cantidade neso, e que é cuestión de desvestir un santo para dedícalo a outro que agora mesmo non se pode vestir, e que para qué vai a quedar os cartos





nunha partida que sabemos que non imos poder executar este ano.

Di a Sra Maseda cándose se ten previsto acabar co Plan Básico.

Resposta o Sr Alcalde que a ver si en decembro está en exposición ao público o proxecto inicial, que hai unah empresa de Vigo contratada pola Xunta traballando neso.

Di a sra Maseda que estamos na mesma tesitura porque quizás non se pode executar este ano a cobertura da pista de pádel.

Resposta o Sr. Alcalde que non é o mesmo porque o primeiro non sabemos si conseguimos subvención ou non, pero que o desarrollo industrial non o vamos poder facer con tempo neste tempo sí que o sabemos.

Di a Sra Maseda que entón entendemos que para o próximo orzamento sí que irá.

Resposta o Sr Alcalde que depende dos tempos.

A Sra Maseda, voceira do grupo Municipal VIA Alfoz, continúa a súa intervención decindo que vemos que no anexo de inversión se pide á Deputación pavimentación de accesos nas parroquias de San Pedro de Mor e Lagora e pregunta qué pasa no resto das parroquias, se non teñen tanta necesidade?

O Alcalde resposta que ese título é xenérico e temos proxectos que van tanto ao Plan Único como ao PEIM para todas as parroquias, que se vai a actuar en todas, e que si non van nun plan van noutro, pero en todas se van a facer traballos de asfaltados.

A Sra Maseda pregunta en qué consiste as melloras no Castelo con subvención de infraestructuras turísticas.

Resposta o Sr. Alcalde que se van a retirar as mesas con bancos que están rotos e non son idóneos para esa zona, e por seguridade., A Subvención está pedida, a ver si a conceden.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE , para decir que se van a substituir as mesas por unas de madeira, pero tamén se cambian os temas dos paneis indicativos para unir toda a información nun único cartel. As mesas se van aproveitar para a escola de Cruz da Pena que se creará un área recreativa e se vai poner un valado por ser zona de paso cara ás rutas.

Di a Sra Maseda que quere comentar que do orzamento de investimentos o 50 % o pón a Xunta mentres que a Deputación só asume un 25% e extrañounos que aporte máis a Xunta cando a Deputación é o órgano máis cercano.

Resposta o Sr. Alcalde que cada Administración aporta en función das súas competencias, e que a Xunta realmente o que fai é recibir fondos do





Estado que tampouco é que den nada que non lles viñera doutro sitio. É máis, a Deputación ten un reparto obxectivo no Plan Único e ojalá fixera o mesmo a Xunta que seguro que nos tocaba máis, porque o único que reparten obxectivamente é o Fondo de Compensación Ambiental e para iso só un 50 % dos cartos, que os outros os distribúen discrecionalmente. Ojalá aplicasen os criterios obxectivos de Deputación: poboación, dispersión, extensión... Ademais o lóxico é que si unha Administración ten un orzamento superior aporte máis.

Intervén a Sra Rouco, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, para indicar que a diferenza é considerable.

Di o Sr. Alcalde que ademais do previsto estos anos estamos conseguindo convenios a maiores coa Deputación.

A Sra Rouco pregunta polos 14.500 euros de investimento para a piscina e pregunta si a Xunta aporta algo.

Resposta a Sra Incera , voceira do grupo Municipal do PSdG-PSOE que debemos facer a substitución das portas dos baños, instalar cloradores automáticos porque agora mesmo son semiautomáticos e temos que facer controles sempre a maiores segundo a climatoloxía.. e acabar o que queda en cousas como fontanería. O Alcalde di que tamén hay que facer cousas nas duchas, o das portas e o máis importante é o clorador automático porque mide de forma constante e adapta os niveis da auga tamén de forma constante, e cada un costa 3700 euros, pero esperamos aforrar en cloro, en reactivos e porque é unha medida que vai mellorar a seguridade. Este sistema se puxo nas captacións e funcionan moi ben. O ano pasado na piscina se amañaron os vasos, as válvulas, rexenerouse a área,... fóronse reparando as instalación e así seguiremos para que o servizo se preste de forma adecuada e con seguridade para os usuarios.

A Sra Rouco pide que dentro do posible si pode adiantarse os orzamentos con máis tempo para poder velos antes.

O Sr Alcalde di que o expediente é a primeira, e espero que non sexa a última , que se fixeron n aliña de orzamentos participativos, que se incorporo una medida do posible o que pediron as asociacións e os vecinos, que non inventamos nada distinto das necesidades que nos trasladou a cidadanía dentro das nosas capacidades, e que tamén se lles informou de determinados gastos que descoñecían. Aprobouse a relación de postos de traballo o ano pasado, que este se aplica na súa totalidade e estamos para sacar as prazas que están interinas de acordo coa reforma , e imos facendo as cousas pouco a pouco, pero non son uns orzamentos políticos... Ademais a través de Mocions ou de rogos podedes ir incorporando ideas durante todo o ano, que non é cuestión de dous días antes, porque temos que facer proxectos, números, conseguir os permisos.. e porque se entreguen os orzamentos un mes antes non os vamos a





modificar.

A Sra, Maseda di que só o vimos dous días antes.

Di o sr. Alcalde que as necesidades se veñen programando e temos proxectos nos que levamos traballando máis de un ano, e por tanto é igual que se presenten 15 días , un mes ou doius antes.

A Sra Maseda di que como grupo político non é o mesmo ter dous días para analizar e estudar o tema que contar con máis tempo, e que o necesira para cadrar o grupo, o traballo.....

O Sr Alcalde insiste en que aínda e todo coa previsións con tempo que temos xa vedes que surxen cousas pouco antes, como o do SEVA que vos comentei e se fan.

Vista a proposta da Alcaldía obrante no expediente, que literalmente di:

“ Dáse conta do expediente tramitado para a súa aprobación, no seu caso, do Orzamento de este Concello, formado para o exercicio do 2022 polo Sr. Alcalde, basándose nos seguintes FUNDAMENTOS:

O disposto na lexislación específica de Réxime Local, así coma na lexislación estatal de carácter básico ou complementario, en materia orzamentaria .

O Expediente de Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2022( 35/2022).

As Bases de Execución do orzamento e os Anexos e demáis documentación complementaria sinalados nos artigos 168 e 169 do **Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais**

A Plantilla de Personal para o Exercicio 2022, coherente coa Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo de 2021, e publicado no BOP de data 13 de abril de 2021. .

O previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, no referente ao cumprimento do principios de estabilidade orzamentaria .

O informe emitido pola Intervención Municipal, con data 22 de marzo de 2022.





Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobamos inicialmente o Expediente de Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2022 presentando en equilibrio inicial por importe de 2.281.990,04 euros , cuio desglose por capítulos é o que segue:

## I. ESTADO DE INGRESOS.

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	466.442,70
2	Impostos Indirectos	20.512,99
3	Taxas e Outros Ingresos	216.570,00
4	Transferencias Correntes	967.430,73
5	Ingresos Patrimoniais	1.150,32
	Total operacions correntes	1.6 72.106,74
6	Alleamento de Investimentos Reais	0
7	Transferencias de Capital	609.883,30
	Total operacions de capital	609.883,30
	Total operacions non financeiras	2.281.990,04
8	Activos Financeiros	0
9	Pasivos Financeiros	0
	Total operacions financeiras	0,00
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>2.281.990,04 €</b>

## II. ESTADO DE GASTOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	586.726,73
2	Gastos en bens correntes e servizos	960.869,30
3	Gastos financeiros	1.800,00
4	Transferencias correntes	117.773,11
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0
	Gastos operacions correntes	1.667.169,14
6	Investimentos reais	612.020,90
7	Transferencias de capital	2.800,00
	Gastos de capital	614.820,90
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00





<b>TOTAL GASTOS</b>	2.281.990,04 €
---------------------	----------------

2. Aprobar o Anexo de Inversións para o ano 2022.
3. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral da entidade .
4. Aprobar a Plantilla Orzamentaria e as Táboas Retributivas do Persoal da Entidade para o ano 2022, que consta no expediente de Orzamentos Presupuestos.

A Plantilla Orzamentaria recolle as retribucións establecidas na Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente polo Pleno en sesión de 26 de marzo de 2021, e publicada no BOP n.º 82, do martes 13 de abril de 2021, considerándose que concorren as circunstancias do apartado sete do artigo 18 da Lei 22/2021, de Orzamentos do Estado para o exercicio 2022.

5. Aprobar e fixar o Límite de Gasto non Financeiro, tamén denominado como techo de gasto , en 2.281.990,04 euros, en cumprimento do disposto polo artigo 30 da LOEPSF e logo da suspensión da aplicación das regras fiscais que deriva do acordo do Congreso de los Diputados, en sesión de 20 de outubro de 2020.

6. Expoñe ao público o acto de aprobación inicial do Expediente, por espazo de 15 días hábiles, no Taboeiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

7. O Expediente se considerará definitivamente aprobado, se ao termo do periodo de exposición non se presentaran reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por Capítulos, no BOP e no Taboeiro de Anuncios deste Concello , junto coa Plantilla , así como relación de cargos con dedicación exclusiva e parcial e indemnizacións e asistencias, de conformidade co disposto no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 169.3 do citado Real Decreto Legislativo e noutro , procederáse de conformidade co previsto no número 1 in fine do citado artigo .

8. Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo , se remita copia do referido orzamento á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

9. Procédase á publicación do expediente no Portal de Transparencia de esta Corporación . “

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de cinco votos a favor e tres abstencións ( dos







concelleiros do grupo municipal do PP e de VIA Alfoz), maioría absoluta, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía, coa inclusión na Base 33 da previsión de subvención nominativa a prol da Asociación Seminario de Estudos do Valadouro para a realización da actividade cultural “ Actividades Culturais 2022” por importe de 3.250 euros.

## **6. DACION CONTA INFORME MOROSIDADE 2021.**

Indica o Alcalde á Secretaria- Interventora que explique o citado informe. Pola funcionaria se fala da periodicidade anual do mesmo , o seu contido e a ausencia de incidencias.

O Pleno dáse por enterado.

## **7. MOCIONS.**

### **7.1. MOCIÓN Nº1 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, A CANALIZACIÓN DE AXUDAS E ACOLLIDA DE REFUXIADOS.**

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

*“ Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte MOCION para o seu debate no PLENO.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Tal e como é coñecido o pobo ucraíno está a sufrir unha invasión bélica no seu territorio por parte de Rusia. Son numerosas as imaxes nos medios de comunicación nas que se ve a nenos e nenas e as súas familias marchar das súas casas cara os países da contorna escapando da guerra. Varios concellos da bisbarra xa se ofreceron para acoller refuxiados e o noso municipio tamén cumpre as condicións óptimas para tal fin.*

*Entre outras virtudes, dispón de vivendas de titularidade municipal baleiras, como as casas dos mestres da Pinguela e de Adelán, así como outros locais susceptibles de seren habilitados a tal efecto, e conta con prazas nos seus centros educativos.*

*Ademais, é coñecida a solidariedade da veciñanza de Alfoz polo que, dende a corporación municipal, debemos apoiar ao máximo estas actitudes. De todos é coñecido que moitas veces, cando queremos cooperar con causas solidarias, sentimos a desconfianza de que a nosa axuda non chegue aos seus destinatarios se non coñecemos quen leva a iniciativa.*

*É unha mágoa que ese receo faga que nos botemos para atrás á hora de*





*colaborar en ocasións tan necesarias como a presente. Atendendo a esta situación, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que desde as administracións se deberían xestionar canles fiables de solidariedade para poder ser usadas pola veciñanza.*

*É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes ACORDOS:*

- 1. Establecer, no seno do concello de Alfoz, unha postura en contra da invasión rusa en Ucraína.*
- 2. Poñer en marcha un mecanismo oficial para que a veciñanza poida canalizar o envío de víveres, medicamentos e/ou diñeiro aos refuxiados desta guerra.*
- 3. Xestionar a acollida de refuxiados nas vivendas de titularidade municipal.*
- 4. Dar publicidade, asesorar e xestionar a acollida de refuxiados nas casas que a veciñanza queira poñer a disposición de familias ucraínas no noso concello.*
- 5. Asesorar e xestionar a estancia de persoas refuxiadas nos domicilios con familias do concello.*
- 6. Apoiar as iniciativas tanto de particulares, como de colectivos e ONG's relativas ao envío de axudas e á acollida de refuxiados, poñendo á súa disposición os medios dos que dispoña o concello."*

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do grupo municipal VIA Alfoz para decir que todos somos coñecedores da situación e no Concello non se abriu ningunha vía de axuda nin se estableceu unha postura de oposición á guerra de Ucraína. Pedimos que se faga esta manifestación e que se poña en marcha un mecanismo oficial para recollida de material, axuda para a recollida e instalación. Ademáis para poder acoller a xente temos días vivendas escolas perfectamente decentadas e baleiras que poderían ser utilizadas e o Concello xestionaría esas axudas para que ademáis os nenos poideran ocupar as prazas vacantes do CEIP e do IEs como fan outros Concellos de Galicia.

Toma a palabra o Alcalde para decir que evidentemente penso que todos estamos en contra de todo acto bélico, pero me parece que está mal informada: na páxina web do Concello está a disposición de todos un escrito da FEMP coas recomendacións e pautas a seguir para a xestión da axuda , que foron consensuadas pola FEMP, a FEGAMP e o Estado, e piden que non se entreguen material físico, porque non teñen forma de canalízalo, teñen problemas de hixiene ... e o que queira colaborar que o faga en metálico a través de donativos a ONG, que por certo aquí no Concello Cáritas estivo recaudando, .. explican que teñen problemas para trasladar material, para almacenalo , que hai problemas co tema dos medicamentos....e para facilitar a coordinación prefiren que non se recolla nin envíe materiais.

En canto ás vivendas, puxemos á disposición da FEGAMP unha escola, porque a outra tivo unha subvención para destinala a aluguer social e non queremos ter que inclumprir as condicións de financiamento e ter que devolver a subvención por non cumprir o fin.

Pregunta a Sra Maseda si Adelán cumpre.





Resposta o Alcalde que sí, e que se puso a disposición da FEGAMP. Que non hay que pensar na foto, nin na prensa, que as cousas deben facerse ben , con cabeza, e con feitos e non con fotos, e de forma coordinada coa FEMP, a FEGAMP e a Administración Central,.... Non se pode andar recollendo por libre porque se afonda o problema, hai que facelo ben seguindo as pautas dadas e sen necesidade de sair na prensa.

A Sra Maseda di que se quería facer unha canle oficial a través do Concello para dar seguridade á xente.

Resposta o Sr. Alcalde que se debe acudir a ONG serias e por todos coñecidos,.. Cruz Roja, ACNUR... e eu personalmente son socio e din un donativo extra.. Cáritas tamén estivo a recaudar cartos.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, para dicir que se mandaron as instrucións por wusup a todas as asociación, que son recomendacións para facilitar a coordinación, aínda que xa sabemos que a intención de colaborar na xente é a mellor do mundo, pero ao final podemos perxudicar á organización. Si se manda algo físico non o acollen por loxística, gastos de transporte, organización, por cuestión de sanidade... prefiren efectivo , e asó foi compartido ás Asociacións para que canalizaran a axuda a través de ONG,s.

A Sra Maseda indica que cando se ven iniciativas privadas á xente por desconfianza prefire que sexa algo oficial.

A Sra Incera indica que non se dubida da boa intención e solidaridade, pero pode repercutir negativamente, de feito no primeiro comunicado nos decían que bombardeaban os convoys ... ademáis se ten que organizar cómo se acolle aos refugiados para non xenerar situación de perigo , con control por asuntos de delitos sexuais... é dicir, a través dos cauces oficiais e con control en todos os sentidos para evitar males maiores. A intención, repito, é a mellor, pero ás veces non é que se solucione nada senón que se xenera problemas innecesarios.

Indica o Alcalde que habilitouse un teléfono para que a xente poña a disposicións vivendas.

Di a Sra Incera que toda a información que vaiamos tendo a poñeremos en coñecemento.

Di o Sr. Lorenzo que hai xente que estaba interesada en colaborar pero a través do Concello.

Insiste o Alcalde en que non podemos ir por libre, que temos que seguir os cauces previstos. Hai que facer as cousas con coordinación e seriedade, que cada Concello non pode facer a súa campaña. Pasou igual na pandemia co tema das mascarillas. Nós estamos traballando de forma coordinada coa FEGAMP no que poidamos, e por iso a Moción non ten sentido.

A Sra Maseda dí que sí que ten sentido porque é para dar resposta á veciñanza.

Di o Sr. Alcalde que insitimos en que compartimos as recomendacións na páxina web e coas asociación, e se non está chegando que se diga porque a





intención é outra, que todo o mundo esté informado.

A Sra Incera di que nós nos comprometemos a achegar toda a información que teñamos, insisto que hai ONG.s de prestixio e que a xente que esté interesada será informada.

Insiste a Sra Maseda na creación dunha canle oficial.

O Alcalde di que quen queira xa sabe ónde está o Concello, viñeron os de Cáritas...pero esos vecinos con inquietudes por aquí non veñen.

Di o Sr. Lorenzo que por algo será.

O Alcalde lle responde que hala! xa estamos outra vez disparando.

A Sra Incera di que nós estamos de acordo co primeiro punto, pero non co segundo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, co resultado de cinco votos en contra ( concelleiros Grupo Municipal PSOE), 2 votos a favor ( grupo municipal VIA Alfoz) e unha abstención ( PP): ACORDA:

NON prestar aprobación á Moción.

## **7.2. MOCIÓN Nº2 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A APROBACIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA ACTUAL ESCALADA DE PREZOS DE COMBUSTIBLES, GAS E ELECTRICIDADE .**

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

*“ Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCION para a súa discusión no PLENO.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: A suba dos prezos dos combustibles, do gas e da electricidade está a afectar a todo o tecido produtivo. Aínda que esta situación se vén sufrindo desde o pasado ano, as consecuencias da guerra en Ucraína non fixeron máis que agravar un problema que padecen empresas e cidadáns. Os custos enerxéticos dos particulares e dos autónomos aumentaron ata un 30%.*

*Porén, mentres países como Francia ou Portugal xa realizaron rebaixas fiscais para aliviar aos autónomos e ás PEMES do seu país, España segue sen tomar medidas ao respecto. Gandeiros, transportistas, industriais, hostaleiros e pequenos comercios do noso concello levan meses sufrindo o aumento dos custos enerxéticos e o seu consecuente impacto na economía. Un problema que se suma á inflación e a outras decisións do Goberno como o incremento das cotizacións á Seguridade Social.*

*Unha suba de custos que desde hai máis dun ano freou a competitividade e a recuperación de autónomos e PEMES, tras a recente pandemia. "O Goberno ten que intervir no prezo da gasolina", explicaron desde o sector do transporte. "A electricidade subiu un 80%, a gasolina un 50% e o gas butano un 30%. É unha espiral de gastos que ninguén pode asumir", engaden os pequenos comercios.*





Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que, ademais de esixirlle ao Goberno de España a posta en marcha de medidas que aplaquen unha escalada de prezos que é previa á guerra, tamén desde o Concello se deben aprobar medidas para axudar ao noso tecido produtivo.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno de España á aprobación todas cantas medidas sexan necesarias para paliar o aumento dos prezos de combustibles gas e electricidade.

2. Consignar unha partida nos vindeiros orzamentos municipais encamiñada a levar a cabo un programa de axudas para autónomos e PEMES dirixida a aumentar a súa competitividade, favorecer a recuperación tras a pandemia do Covid-19 e paliar os efectos do incremento dos custes enerxéticos.”

Di a Sra Maseda que está claro á escalada dos prezos, pero que entendo que xa contestaches ao falar dos orzamentos.

O Sr. Alcalde indica que non podemos asumir competencias impropias, que este tema xa se falou cando foi a pandemia e moita xente tivo que devolver axudas. Nós non temos recursos para asumir, que é a Xunta e o Estado os que teñen que chegar a acordos cos sectores afectados, e que non imos asumir o que non nos corresponde, polo que votamos en contra.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de 5 votos en contra ( Grupo Municipal PSdG-PSOE) e tres a favor ( PP e VIA Alfoz)., ACORDA:

NON prestar aprobación á Moción.

### **7.3. MOCIÓN Nº3 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A BAIXADA DO IBI.**

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

“ Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCIÓN para a súa discusión no PLENO.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** Nos últimos anos, o chamado “catastrazo” consistente nunha regularización e revisión catastral e principalmente na subida dos valores dos bens de lugar a importantes subidas nos recibos do imposto de bens inmobles (IBI) da nosa veciñanza. Esta situación, xunto coa escalada dos prezos da enerxía e a subida da inflación, dan lugar a unha diminución do poder adquisitivo da nosa veciñanza.

De todos é sabido que, coa subida dos recibos do IBI e co cobro dos atrasos, a recadación das arcas municipais aumentou considerablemente o que permitiu, en gran





*medida, amortizar a débeda municipal do concello de Alfoz.*

*Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz, consideramos que é de xustiza que, se a veciñanza de Alfoz, a través do aumento dos seus impostos, axudou a pagar a débeda municipal, debemos compensalos reducíndolle na medida do posible os seus recibos do IBI, máis se cadra no actual contexto económico. Debemos recordar que unha petición similar foi solicitada na sesión plenaria celebrada o 31 de xaneiro de 2020.*

*Esta petición non foi aprobada pola negativa do Grupo Municipal do PSOE, nin foi levada á Comisión de Ordenanzas para o seu debate, a pesar de ter pasado xa dous anos desde a proposta. É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO:*

*Modificar a Ordenanza Reguladora do IBI, coa intención de reducir o recibo da contribución, mediante unha baixada impositiva coa aplicación dos tipos de gravámenes mínimos establecidos legalmente.”*

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para decir que logo de que a débeda fora cancelada gracias en gran parte pola regularización do catastro, e coa situación na que estamos de perda de capacidade adquisitiva, consideramos que é o momento de revisar a ordenanza e baixar os tipos do IBI, que non hai mellor ocasión para que os cidadáns que fixeron unha maior aportación o vexan reflexado nos seus petos.

Di o Alcalde que non é certo o que din, porque a débeda non se saldou todo co IBI nin a maior parte, senón que foi porque cambiouse a xestión, fanse as cousas de outra forma e hai outra maneira de traballar, como nunha empresa que ten en conta os resultados en global.

Intervén a Sra Rouco , voceira suplente do Grupo Municipal do PP, para decir que algo influiría.

Di o sr. Alcalde que ademáis non foi algo imposto por nós, que se actualizaron os valores catastrais de reformas non declaradas, obras que non figuraban de alta e os tipos teñen 20 anos sen cambiarse tanto en rústico como en urban. Non se pode alegremente baixar, ademáis, orque fai falta un estudo económico e garantir que non se pón en risco os recursos do concello e a súa estabilidade orzamentaria. É necesario un estudo da Intervención. Levamos anos sen subir nin a auga, nin o lixo.. que se compensa con aforros noutros servizos,... ademáis hai xente que non viven no concello e son terratenientes ¿ esos non van pagar os servizos que disfrutaban os que sí viven aquí? Hai un montón de vivendas baleiras que non poñen en servizo e vostede quere baixarlles os impostos cando debería ser ao revés... Parécelle ben que aos que teñen terreos en rústica se lles estén matendo as pistas para vender a madeira e gastar os cartos fora do pobo... a quén beneficia máis? Hai que facer un estudo e non se pode poner en risco a estabilidade orzamentaria.

A Sra Maseda indica que entón que se faga o estudo.

Di o Sr. Alcalde que vostede pide o mínimo, é decir, que baixe a metade de 0.6 a 0.3 e de 0.56 a 0.4...?





A Sra. Rouco dí que habería que estudar si é posible.

O Sr Alcalde dí que queren que baixemos o IBI pero manteñamos os servizos sin subir.. cando son moi deficitarios como o do lixo, e insito en que a estabilidade teño que mantela, que si baixo dun lado teño que subir doutro... debemos ser serios plantexando as cousas e sabendo o que se dí, con responsabilidade e cabeza, e que vostede na moción non pide o estudo, pide que se baixe xa, e con iso non estamos de acordo.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de cinco votos en contra ( PSdG) e tres votos a favor ( PP e VIA Alfoz), ACORDA:

NON prestar aprobación á Moción.

#### 7.4. MOCIÓN Nº4 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ DE APOIO Á PLATAFORMA DE VECIÑOS AFECTADOS POLA MACRO CENTRAL HIDROELÉCTRICA DO XISTRAL.

Consta no expediente a seguinte Moción:

*“Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCIÓN para a súa discusión no PLENO.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: O 11 de febreiro de 2022 constituíuse en Alfoz a “Plataforma de veciños afectados pola macro central hidroeléctrica do Xistral”, coa finalidade de “ informar aos cidadáns da magnitude deste anteproxecto e as súas consecuencias reais desde o punto de vista paisaxístico, medioambiental, económico, social, etnolóxico e cultural, así como axudar á persoas afectadas na defensa dos seus dereitos (asesoramento, trámites administrativos, etc.) e, así mesmo, a canalizar as alegacións que se queiran presentar” tal e como reza o punto 6 da súa acta de constitución.*

*Desde a súa constitución, incorporáronse a esta plataforma gran número de cidadáns e colectivos da comarca e particularmente do concello de Alfoz, preocupados polo anteproxecto “Anteproyecto de central hidroeléctrica reversible Xistral”, que a empresa “Atalaya Generación” a través da sociedade “Desarrollos del Malache S.L.U.” presentou no Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico do Goberno de España.*

*Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz, consideramos que a Corporación Municipal do Concello de Alfoz non debe ser allea ás reivindicacións da nosa veciñanza e debe velar pola defensa do noso territorio e dos dereitos e intereses dos nosos veciños e veciñas. É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO:*





*Apoiar á “Plataforma de veciños afectados pola macro central hidroeléctrica do Xistral” na súa finalidade de informar aos cidadáns e de axudar á persoas afectadas na defensa dos seus dereitos.”*

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para dicir que xa sabemos que creouse unha plataforma de afectados ás que as asociacións de vecinos deron todas o seu apoio, e votamos de menos que o Concello se faiga eco do apoio á plataforma como fixeron as Asociacións. Pedimos que o Concello apoie á Plataforma.

Responde o Alcalde que certas afirmacións son mentira: dende o Concello fixemos unha sesión informativa, aínda que se convertiu nunha encerrona política. Aquí veu xente da plataforma a pedir locais, se lles cederon os locais, as mesas para a andaina e se colaborou con eles en todo canto pediron

A Sra Rouco, voceira suplente do Grupo Municipal do PP, dí que falta unha declaración de intencións.

A Sra Maseda dí que non estamos falando de locais nin de eso.

O Alcalde di que o Concello, a Corporación o que ten que cumprir é coa legalidade, que se trata dun proxecto supramunicipal e cando ven dado temos que cumprir co que din, como calqueira veciño con unha licenza. Eu non teño a capacidade de dicir que non, porque senón estou prevaricando, e se lles digo aos vecinos que apoio estou mentindo porque non poido actuar fóra da Lei. Nos fixemos as alegacións en base a un informe técnico, que é o que corresponde neste momento.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal PSDG- PSOE, di que si o que queren é unha declaración institucional non se vai facer, porque hai vecinos a favor e vecinos en contra e nós representamos a todos. Colaboramos coa plataforma en todo o que pediron e se chega adiante o proxecto estaremos vixiantes e defendendo aos vecinos. Ademáis, hai 19 asociacións e non é certo que foran todas.

O Sr. Lorenzo di que sí, que houbo xuntas extraordinarias.

A Sra Incera di que hai asociación que non se declararon nin a favor nin en contra.

Di o Sr. Alcalde que incluso dentro das propias asociación había xente a favor e en contra.

A Sra. Goás Lorenzo di que tampouco se pediu quórum nesos acordos.

Di o Alcalde que tampouco se identificaron todos... pero que non vamos a falar dese tema, que é un asunto interno das asociacións e non vou a seguir con ese tema.

A Sra Maseda pregunta polos escritos entregados no Concello.

O Alcalde resposta que eu non vou a enganar á xente, porque non poido dicir que apoio sen base legal que ampare, é unha ilegalidade e poderían pedir danos e perxucios. Hai que actuar con cabeciña e mirar si hai auga na piscina antes de tirarse, que non é cuestión de quedar ben e facer demagogia cos vecinos. Está ben o sentimento, pero hai que traballar coa cabeza, e se non







me gusta o proxecto e eles veñen coa lei que os ampare, hai que envainar. A nadie lle gusta que pase un tractor de purín, unha liña de alta, pero si están anparados pola lei , hai que calar.

Si a Sra Maseda que o que acaba de decir do tractor non é falar con cabeza.

Insiste o Alcalde que non damos razóns nin a uns nin a outros, que acatamos a lei, e personalmente tamén hai cousas que non me gustan e teño que aguantar, como que saquen madeira e non se poida nin pasar, nin o fume de As Pontes....

A Sra Maseda di que s vecinos afectados teñen os seus motivos para poñerse en contra , que son vecinos que se sinten apoiados polas asociación e botan en falta a posición do Concello.

Di o Alcalde que fan afirmacións que non son verdade: insisto en que se lles cederon mesas, locais... e paréceme moi ben que os vecinos se defenda. O Concello tamén mandou alegacións propias e as que presentaron .

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de cinco votos en contra ( Grupo Municipal PSdG-PSOE) e tres a favor ( concelleiros dos grupos municipais PP e VIA Alfoz), ACORDA:

NON prestar aprobación á Moción.

## **7.5. MOCIÓN Nº5 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA PONTENOVA.**

Consta no expediente a seguinte Moción:

*“Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCIÓN para a súa discusión no PLENO. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O Concello de Alfoz conta coa área recreativa da Pontenova situada a carón do río Ouro no lugar de Vilaúde da parroquia de San Pedro de Mor, sendo un enclave turístico dos máis visitados no concello ao longo de todo o ano, tanto por veciños do propio concello como doutros concellos, e cun maior número de afluencia dende a chegada da primavera e do bo tempo ata ben entrado o outono; lugar escollido pola súa localización e pola súa beleza e paisaxe que debera ser conservado para evitar que se vexa deteriorado (situación na que se atopa actualmente), debendo levarse a cabo labores de conservación e mantemento do seu mobiliario, substituíndo papeleiras e farois, que o precisen, por unhas novas xunto ao arranxo de mesas, bancos e grellas para seren utilizados por quen a visite.*

*Ademais deberase instar a Augas de Galicia a promover a limpeza da maleza que se acumula aos pés da propia ponte co fin de mellorar a imaxe que ofrece nestes momentos. É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO:*





- *Solicitar ao Concello que proceda ao arranxo ou substitución do mobiliario deteriorado.*
- *Solicitar a Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e 2 de 2 Mobilidade que proceda á limpeza da maleza acumulada ao carón da ponte.”*

Toma a palabra a Sra Maseda Paz , voceira do grupo Municipal VIA Alfoz, para decir que chegado o bo tempo é moi usada por vecinos para xuntanzas, máxime cando se aconsella o uso de espazos exteriores en pandemios, e debería de botarlle unha man e que se inclua nas actuacións de reserva da biosfera que podería ir.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal PSDG-PSOE, indica que é Rede Natura, non Reserva da Biosfera, que esto non é en todo o concello, só nunhas zonas delimitadas, e que a subvención de rede natura xa ten un proxecto concreto.

A Sra Maseda di que débese substituir ou arranxar as mesas, as parrillas , as papeleras,,, a maleza a carón da ponte , para mellorar a imaxe.

A Sra Rouco, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, di que tamén o alumeado.

O Sr Alcalde toma a palabra para de cir que está confundida, porque alí hai unha parte que é da Xunta e logo outra que é do Concello, e onde están as mesas eso é da Xunta.. nós podamos os loureiros, limpamos... ademáis hai un aprque infantil que segundo a auditoria que fixemos non cumpre, se notificou á Xunta, falouse con Gerardo Pallares en persona, e non tivemos contestación. As parrilas as levaron, e ademáis non son moi hixénicas.

Di o Sr. Lorenzo que si hai civismo estarían limpas.

Di o Alcalde que non recollen nin a basura como para limpar as parrillas. O alumeado non se puxo porque ese sitio non é para reunirse para facer botellón. É unha zona para pasar o día, e deixan todo estrado e sucio. En canto ao alumbrado xa se vai cambiar 3 focos e uns que estaban rotos, e se non se fixo antes foi para evitar botellón en pandemia.

O Sr. Lorenzo di que nunca vin añi a xente de botellón.

Resposta o Alcalde que o outro día deixaron ata caixas de cerveza e os luns se van limpar as papeleiras...

O Sr. Lorenzo di que as papeleras ou hai que amañalas ou quitalas porque están rotas.

O Alcalde di que él prefire quitalas, porque a 20 metros teñen contenedores de dúas clases, nós estamos mantendo a zona aínda que é da Xunta e non nos podemos poner tamén a cambiar as mesas ou a quitar o que non é noso ¿ que se pode mellorar? Sí, pero creo que tampouco está tan mal comparado con outros sitios que vexo por ahí.

A Sra Maseda insiste en que hai unha porcentaxe de vecinos de ahí que a usamos .

O Sr. Alcalde indica que efectivamente os vecinos que van a facer comida recolle, pero tamén hai que ter en conta que é rede natura, zona inundable e





hai cousas que Augas non nos va a autorizar.

A Sra Maseda pide a limpeza de maleza no río.

O Sr Alcalde di que eso é cousa da Xunta de Galicia, e que haberá que dirixirse a quen sexa e que cada un asuma as súas competencias, aínda que xa lles digo que estamos en contacto co responsable.

Indica a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que si lles parece se pode modificar a Moción para solicitar á Xunta de Galicia, e a maiores incluíría o tema do parque infantil deteriorado, e a Augas de Galicia que incida na limpeza; si admiten as modificacións, vamos adiante.

O Sr. Lorenzo di que as papeleras están sen fondo, que son de chapa e podren e que é mellor as de plástico, e o que non vamos facer botellón interéranos.

Di a Sra Incera que xa na pandemia houbo moitas quiexa pola música e temos que ter en conta as limitacións da contaminación lumínica por rede natura

O Alcalde di que tres farolas xa se cambiaron a LED a semana pasada, e se vai a pedir cinco máis... e que onde se pide na Moción ao Concello debe poner á Xunta de Galicia.

O Sr. Lorenzo insiste que na parte do Concello deben quitarse as papeleiras.

A Sra Incera di que eso non é tema dunha moción, que é mais un rogo, que non fai falta unha moción para quitar as papeleiras.

O Sr Lorenzo pregunta si a rede está homologada.

O Alcalde di que ten pinchos ao aire e que a inspección do que non cumpre, e o tobogán tampouco,.. e como xa dixer, avisouse, mandouse escrito... agora xa é cousa deles.

Se somete a votación a Moción cos seguintes cambios :

Solicitar á Xunta de Galicia que proceda ao arranxo ou substitución do mobiliario deteriorado da súa propiedade, así como do parque infantil e a revisión e mantemento da área.

Solicitar a Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestructurase Mobilidade, que proceda á limpeza da maleza acumulada ao carón da ponte.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á Moción coas modificacións introducidas.

## **8.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-**

Non se producen.

## **PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**





## **9- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO. APROBACION LIQUIDACION ORZAMENTO 2021.**

Indica o sr. Alcalde que os tedes á vosa disposición puntualmente no Gestiona os decretos da Alcaldía e os rexistros de entrada e saída, e si tedes algún problema de acceso, avisade. Ademáis dase conta expresamente da Resolución da Alcaldía 116/2022, de 04 de marzo de 2022, de aprobación da liquidación do orzamento de 2022.

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Por parte da voceira suplente do grupo Municipal do Partido Popular, a Sra Rouco, se indica que non hai preguntas.

Toma a palabra a Sra. Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para formular as seguintes:

PREGUNTA.- ¿ Cál é a situación da concentración parcelaria? Están poñendo os pedreiros da última modificación ..¿ teñen algunha notificación ao respecto?.

Resposta o Alcalde que oficialmente, non. Coincidin co directos José Ramón que me dixo que a de abaixo xa estaba todo en Santiago e que agora deixou de ser unha cuestión técnica. Queda unha modificación por apedrear, pero a parte técnica está rematada.

PREGUNTA.- Antes falábamos do SAF, e detectamos que tanto nos recibos do servizo como nos da auga existe un retraso considerable, tendo en conta ademáis que nas persoas usuarias do SAF pode xenerarse incongruencias porque fallece o usuario e o herdeiro ten que facer a liquidación aos 6 meses, e hai moitos máis meses de retraso no cobro, e a xente está declarando algo que non sabe.. e cerran as contas e están en impago, e ademáis primeiro non se cobra e logo se cobran dous recibos no mesmo mes, e cada quen ten a dispoñibilidade económica que ten. ¿ Cál é o motivo do retraso? Porque a auga o último que se pasou é do cuarto trimestre do 2020, e do SAF de abril de 2021.

Responde o Alcalde que de eso xa se ten cpñecemento e se está intentando correxir, por iso estamos adiantando para poder cobrar 5 trimestres de auga no ano. É un problema que xa está detectado e produciuse porque tivemos xente de baixa, a COVID, ... Xa se teñen directrices dadas para correxir a situación pouco a pouco.

PREGUNTA.- Vimos na páxina web e comprobamos que na opción de coñece Alfoz aparece A Seara como parroquia.





Toma a palabra o Sr. Lorenzo para decir que é máis un ROGO: que se corrixa, porque aparecen as nove parroquias e A Seara, que ata ondee u sei é Mor.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE dí que se revisará.

PREGUNTA.- Existe unha polémica no Facebook sobre si o Concello contestou en prazo ao escrito de consulta da Macrocentral hidroeléctrica. ¿ Presentouse en prazo?

Contesta a Sra Incera, voceira do grupo Municipal do PSdG-PSOE para decir que entrou en prazo e non houbo ningún problema nin co informe nin coas alegacións que presentou a Plataforma que tamén foi remitida.

Di o Alcalde que comprobouse co Ministerio, e sí que houbo un cómputo no erro por saltar de mes, que non se engaña quen non fai nada, e comprobouse co Ministerio e entrou.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas trinta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.  
Vº e Prace.

A SECRETARIA

